



CONCELLO DE REDONDELA

Nº 14/2015

**SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO  
O DÍA 30 DE XULLO DE 2015**

**ORDE DO DÍA**

- 1 Aprobación, de ser o caso, da acta da sesión extraordinaria nº12 de data 30 de xuño de 2015 e da acta extraordinaria urxente nº13 de data 02 de xullo de 2015
- 2 Toma de posesión como concelleiro de Don Francisco Javier Alonso González
- 3 Dar conta da renuncia de Raquel Quintáns Costoya a pertencer ao grupo político municipal Redondela Pode (PODER)
- 4 Dar conta Expedientes de modificación de crédito
- 5 Dar conta do estado de liquidación de orzamento correspondente o segundo trimestre do ano 2015
- 6 Proposta de reparto de orzamentos participativos para o ano 2015
- 7 Proposta de creación da comisión informativa especial de procedementos selectivos
- 8 Expediente de investigación da natureza xurídica dun camiño na parroquia de Reboreda.
- 9 Recurso de reposición de Manuela Gómez Pérez contra Resolución expediente de responsabilidade patrimonial.
- 10 Actividades de control do pleno:
  - 10.1 Dar conta das resolucións de alcaldía do 23 de maio ao 20 de xullo de 2015
  - 10.2 Solicitudes de comparecencia
  - 10.3 Mocións
    - 10.3.1 Moción dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, AER, BNG e a Concelleira non adscrita sobre o novo hospital de Vigo
    - 10.3.2 Moción do grupo municipal AER das ANPAS de Redondela sobre o fondo solidario de libros de texto
    - 10.3.3 Moción do grupo municipal do AER sobre praias para cans
    - 10.3.4 Moción do grupo municipal do BNG sobre a gratuidade da peaxe Rande-Vigo
    - 10.3.5 Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE sobre requirimento do valedor do pobo.
  - 10.4 Rogos e preguntas

No Multiusos da Xunqueira, habilitado como salón de sesións, e sendo as vinte horas do día 30 de xullo de 2015, coa presidencia do alcalde, Javier Bas Corugeira, e a asistencia dos/as concelleiros/as: Miguel Ángel Álvarez Ballesteros, María Teresa París Blanco, Jesús Crespo López, María José Barciela Barros, Arturo González Barbeiro, María del Carmen Amoedo Dasilva, Julio César Mougán Vázquez, Francisco Javier Alonso González, Eduardo José Reguera Ocampo, Digna Rosa Rivas Gómez, Leonardo Cabaleiro Couñago, Leticia González Guisande, Mauro Álvarez Castro, Ana Isabel Rey Gómez, Ricardo Figueroa Rodríguez, José Bernardo Crespo Abal, Beatriz Laíño Ferreira, Jorge Varela Couñago, Xoán Carlos González Campo, Raquel Quintáns Costoya.

Tamén asistiu o interventor do Concello, Ángel Santamariña Rivera, actuando como secretaria a secretaria xeral da corporación, Ana Begoña Merino Gil.

Constitúese validamente o Pleno do Concello, en sesión ordinaria, conforme á convocatoria e de acordo coa Orde do Día.

**INCIDENCIAS:**

Con carácter previo ao tratamento dos asuntos incluídos na Orde do Día, a Corporación garda un minuto de silencio en lembranza das vítimas da violencia de xénero.



## CONCELLO DE REDONDELA

Ás 22 horas o alcalde decide realizar un descanso, reanudándose a sesión ás 22,15.

### **1. APROBACIÓN, DE SER O CASO, DAS ACTAS DA SESIÓN EXTRAORDINARIA Nº12 DE 30/06/2015 E EXTRAORDINARIA URXENTE Nº13 02/07/2015**

Dáse conta dos borradores das sesións plenarias de data 30/06/2015 e 02/07/2015, apreciándose un erro na indicación do lugar da celebración, debendo figurar que tiveron lugar no Multiusos da Xunqueira e non na Casa do Concello.

Sometido a votación os mencionados borradores, apróbanse coa indicada corrección, por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, sendo 21 votos a favor (9 do PP, 6 do PSdeG-PSOE, 4 de AER, 1 do BNG e 1 da concelleira non adscrita.

### **2. TOMA DE POSESIÓN COMO CONCELEIRO DE DON FRANCISCO JAVIER ALONSO GONZÁLEZ**

Recibida da Xunta electoral de zona de Vigo a credencial correspondente ao concelleiro FRANCISCO JAVIER ALONSO GONZÁLEZ, o cal procedeu a cumprimentar na secretaría do Concello a pertinente declaración de intereses e posibles causas de incompatibilidade, procede que se incorpore á sesión aos efectos de formular o xuramento ou promesa do seu cargo.

Verificado o anterior, de acordo coa fórmula legalmente establecida, toma posesión do seu cargo de concelleiro a todos os efectos.

### **3. DAR CONTA DA RENUNCIA DE RAQUEL QUINTÁNS COSTOYA A PERTENCER AO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL REDONDELA PODE (PODER)**

Dáse conta do escrito presentado pola concelleira QUINTÁNS COSTOYA o 24.07.2015 manifestando a súa renuncia á adscrición ao grupo político municipal do PARTIDO POLÍTICO REDONDELA PODE (PODER) pasando a todos os efectos a ser considerada como concelleira non adscrita da corporación municipal ao abeiro do artigo 73.3 da Lei 7/85 de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL).

A corporación queda enterada.

### **4. DAR CONTA DE EXPEDIENTES DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO:**

Dáse conta dos seguintes expedientes administrativos de modificación de crédito:

- Expediente MC 17/2015 e 18/2015 gc 07-15 mediante xeración de crédito por importe de 197.987,01 euros, aprobada por resolución da alcaldía de data 27/04/2015
- Expediente MC 19/2015 tc 07-15 mediante transferencia de crédito por importe de 46.947,10 euros, aprobada por resolución da alcaldía de data 04/05/2015
- Expediente MC 20/2015 gc 08-15 mediante xeración de crédito por importe de 142.365,81 € euros, aprobada por resolución da alcaldía de data 04/05/2015
- Expediente MC 21/2015 gc 09-15 mediante xeración de crédito por importe de 15.635,99 € euros, aprobada por resolución da alcaldía de data 11/05/2015
- Expediente MC 22/2015 ac 01-15 mediante ampliación de crédito por importe de 9.379,45 € euros, aprobada por resolución da alcaldía de data 12/05/2015
- Expediente MC 23/2015 gc 10-15 mediante xeración de crédito por importe de 66.149,92 € euros, aprobada por resolución da alcaldía de data 19/05/2015



## CONCELLO DE REDONDELA

- Expediente MC 24/2015 tc 08-15 mediante transferencia de crédito por importe de 35.000,00 € euros, aprobada por resolución da alcaldía de data 20/05/2015
- Expediente MC 25/2015 tc 09-15 mediante transferencia de crédito por importe de 12.336,76 € euros, aprobada por resolución da alcaldía de data 22/05/2015
- Expediente MC 26/2015 tc 10-15 mediante transferencia de crédito por importe de 16.549,04 € euros, aprobada por resolución da alcaldía de data 26/05/2015
- Expediente MC 27/2015 gc 11-15 mediante xeración de crédito por importe de 57.870,33 € euros, aprobada por resolución da alcaldía de data 27/05/2015
- Expediente MC 28/2015 tc 11-15 mediante transferencia de crédito por importe de 13.000,00 € euros, aprobada por resolución da alcaldía de data 28/05/2015
- Expediente MC 29/2015 gc 12-15 mediante xeración de crédito por importe de 60.196,73 € euros, aprobada por resolución da alcaldía de data 01/06/2015
- Expediente MC 30/2015 tc 12-15 mediante transferencia de crédito por importe de 4.972,37 € euros, aprobada por resolución da alcaldía de data 05/06/2015
- Expediente MC 31/2015 gc 13-15 mediante xeración de crédito por importe de 200.000 € euros, aprobada por resolución da alcaldía de data 05/06/2015
- Expediente MC 32/2015 ac 02-15 mediante ampliación de crédito por importe de 11.000,00 € euros, aprobada por resolución da alcaldía de data 10/06/2015
- Expediente MC 33/2015 tc 13-15 mediante transferencia de crédito por importe de 727,73 € euros, aprobada por resolución da alcaldía de data 11/06/2015
- Expediente MC 34/2015 tc 14-15 mediante transferencia de crédito por importe de 2.587,51 € euros, aprobada por resolución da alcaldía de data 11/06/2015
- Expediente MC 35/2015 tc 15-15 mediante transferencia de crédito por importe de 11.984,30 € euros, aprobada por resolución da alcaldía de data 24/06/2015
- Expediente MC 36/2015 ir 05-15 mediante incorporación de remanentes por importe de 538.619,63 € euros, aprobada por resolución da alcaldía de data 03/07/2015
- Expediente MC 37/2015 gc 14-15 mediante xeración de crédito por importe de 182.024,28 € euros, aprobada por resolución da alcaldía de data 09/07/2015

A corporación queda informada dos expedientes administrativos de modificación de crédito anteriormente relacionados.

### **5. DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO SEGUNDO TRIMESTRE DO ANO 2015**

Visto o informe do interventor municipal con referencia ASR-22.07.15.2 de data 22 de xullo de 2015 sobre a liquidación do orzamento municipal correspondente o segundo trimestre do exercicio 2015 ao que se achegan os estados do orzamento de data 30/06/15 de gastos e ingresos e a situación da tesourería á mesma data en cumprimento da lexislación vixente e as bases de execución de orzamento..

O Concello pleno queda informado.

### **6. PROPOSTA DE REPARTO DE ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS PARA O ANO 2015**

#### **ANTECEDENTES**



## CONCELLO DE REDONDELA

Ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Desenvolvemento Local de data 24 de xullo de 2015 que se transcribe a continuación:

“No orzamento do ano 2014 prorrogado para o ano 2015 para este Concello consta a aplicación orzamentaria 1531A/61951 para os orzamentos participativos.

A súa vez, a base 82ª das bases de execución do orzamento, tamén prorrogadas, recolle que:

“Base 82ª. – Orzamentos participativos.

Recóllese unha partida para orzamentos participativos do 1% do total do orzamento do 2014 sen contar coas subvencións de capital, e que deberá ser aprobado o reparto do mesmo polo Pleno da Corporación de Redondela.”

E para dar cumprimento da citada base, propónse a esta Comisión Informativa de Economía, Facenda e Desenvolvemento Local:

PRIMEIRO.- Dando cumprimento ao establecido nas bases propor que o reparto entre os diferentes consellos parroquiais se faga de xeito lineal.

SEGUNDO.- Que se continúe co procedemento establecido na normativa local para a realización das actuacións.

Votacións e dictame. - A comisión informativa de Economía, Facenda e Desenvolvemento Local, en votación ordinaria, e cos votos a favor do PP, e as abstencións do PSG- PSOE, AER e REDONDELA PODE, e 1 voto en contra do BNG, estimaron oportuno ditaminar favorablemente a proposta.”

### INTERVENCIONS

A concelleira QUINTANS COSTOYA di que vaise a abster xa que considera que podería mellorarse a distribución para facer máis efectivo o reparto do diñeiro.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que o BNG votou en contra na comisión porque se produce unha modificación do regulamento orgánico de Redondela ao establecer a representatividade das comisións informativas introducindo o voto ponderado como un elemento perverso, delegando parte desa representatividade no voto dun único concelleiro. Está en contra desa fórmula por considerala non democrática. En canto aos orzamentos participativos tamén maniféstase en contra por crearse unha partida dun xeito lineal para todas as parroquias provocando un enfrontamento entre os distintos colectivos sen que isto repercuta na mellora dos servizos nesas parroquias. Non considera que sexan orzamentos participativos e estima que deberían investirse noutras cousas aparte de infraestruturas. Anuncia o voto en contra.

O concelleiro FIGUEROA RODRIGUEZ di que cando propuxeron os orzamentos participativos pensaban en que se fixeran unhas bases para establecer o modo de funcionamento máis axeitado nas parroquias. Votarán en contra.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que aínda que hai catro anos se felicitaron pola iniciativa dos orzamentos participativos pensan que habería que ir máis alá. Sinala que a cada parroquia correspóndenlle sobre 13.000 euros sen ter en conta as singularidades de cadansúa delas. Considera que habería que decidir entre todos cales son as necesidades parroquiais pero non de maneira estanca entre parroquias senón de xeito máis participativo e global e a estes efectos e pon como exemplo a Deputación de Lugo. Votarán en contra porque estiman que debería facerse doutra maneira.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que a participación se artella a través dos consellos parroquiais xa que estes son os que deciden en qué se empregan os cartos poñéndose de acordo entre os representantes dos distintos colectivos. Pensa que a oposición quere implantar o seu método e non lles gusta que decidan os veciños. Di que o concelleiro do BNG non aportou nada sobre este tema na comisión informativa de Facenda, nin tampouco o PSOE. Non entende por



## CONCELLO DE REDONDEIRA

qué o PSOE e AER cambian o voto da comisión. Admite que ao mellor é necesario cambiar o método pero aínda están sen nomear os representantes políticos nos consellos parroquiais que xa se pronunciaron sobre o que querían que se fixera e non aprobalo suporá unha maior demora. Pensa que debería aprobarse para este ano e revisar a fórmula para o vindeiro exercicio.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que el se expresou nos mesmos termos na comisión de Facenda ao facerse unha proposta similar á de anos anteriores. Pensa que o equipo de goberno non se entera de que está en minoría e aínda así non quere negociar. Indica que nos últimos tres anos sempre foron ás presas e non entende de qué consellos parroquiais fala a voceira do PP. Di que sempre propuxeron que os veciños decidiran a qué partidas orzamentarias podían aplicarse estes orzamentos.

O concelleiro FIGUEROA RODRIGUEZ di que en AER non decide o que está na comisión, senón a asemblea e salienta que se hai orzamentos participativos é porque o propuxo AER no seu intre. Insiste en que debe haber unhas bases.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que hai fórmulas e non entende que leven xa catro anos e non as prantexaran. Pensa que os puntos de luz e as marquesiñas é algo serio pero hai que ir máis alá e preguntarlles aos veciños polas súas necesidades. O seu voto é congruente co que xa dixeron nestes últimos anos.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que non poden ir en contra do que decidiron os veciños no primeiro e segundo trimestre do ano pero agora dícnlles que non poden investir os cartos. Considera que non fan unha soa proposta. Di que se votan en contra quedarán sen gastar os cartos previstos para o ano 2015 e sulíña que o anterior goberno soamente constituiría tres consellos parroquiais. Indica que son conscientes de que están en minoría pero o certo é que os veciños non van poder levar a cabo as obras aprobadas polos consellos.

### VOTACIÓN E ACORDO

Sometido o asunto a votación, a proposta resulta rexeitada por maioría do concello Pleno, 9 votos a favor (9 do PP ) e 11 en contra (6 do PSdeG-PSOE, 4 de AER, 1 do BNG) e 1 abstención da concelleira non adscrita.

## **7. PROPOSTA DE CREACIÓN DA COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL DE PROCEDIMENTOS SELECTIVOS**

### ANTECEDENTES

Proposta da alcaldía con data 24 de xullo de 2015 que se transcribe a continuación:

“Considerando que de conformidade co previsto no artigo 124 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aprobou o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF), poden constituírse comisións informativas por acordo do pleno do Concello para un asunto concreto.

Tendo en conta que na anterior lexislatura funcionou unha comisión especial para estudo e consideración das bases dos procedementos de selección de persoal ao servizo do Concello, aínda que a competencia para a súa aprobación non corresponde ao pleno da corporación.

Resultando procedente que dita comisión siga a funcionar co mesmo cometido, teño a ben propoer ao pleno do Concello a adopción dos seguintes acordos:

1. Crear a comisión informativa especial de procedementos selectivos que terá como cometido ditaminar as bases reguladoras dos procedementos de selección de persoal ao servizo do Concello. Dita comisión reunirse sempre que proceda con carácter previo à aprobación das mesmas.



## CONCELLO DE REDONDELA

2. A súa composición será a seguinte:

- Presidente: alcalde ou concelleiro en quen delegue.
- Vocais: Un representante de cadanseu dos grupos políticos da corporación designado polos mesmos (máis concelleiros/as non adscritos/as, no seu caso).
- O interventor do Concello.
- A secretaria do Concello, que actuará tamén como secretaria da comisión.

3. A adscrición concreta a comisión dos membros da corporación que vaian a formar parte da mesma (titular e suplente) en representación de cada grupo político se realizará mediante escrito do correspondente voceiro/a dirixido ao alcalde no prazo de cinco días hábiles dende a adopción deste acordo, no seu caso, do que darase ao pleno.”

### VOTACIÓN E ACORDO

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, sendo 21 votos a favor (9 do PP, 6 do PSdeG-PSOE, 4 de AER, 1 do BNG e 1 da concelleira non adscrita.

## **8. EXPEDIENTE DE INVESTIGACIÓN DA NATUREZA XURÍDICA DUN CAMIÑO NA PARROQUIA DE REBOREDA.**

### ANTECEDENTES

Ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas e Patrimonio, de data 24 de xullo de 2015 que se transcribe a continuación:

“Considerando que dende o 10.12.2014 desenvólvese a instrución do expediente administrativo de investigación co obxecto de determinar o carácter demanial ou non dun tramo do camiño denominado REGUEIRO 1, sito na parroquia de REBOREDA, para os efectos de determinar a procedencia da súa baixa no Inventario Municipal de Bens (IMB).

Incorporados ao mesmo os documentos que se estimaron necesarios.

Visto o informe emitido pola secretaria do Concello que, transcrito, dí:

#### “Antecedentes

1) Obran no expediente solicitude de ALFONSO TABOAS FREAZA e JOSE ADAN PEREIRA para que se modifique o IMB dando de baixa un tramo do citado camiño. Á vista do da arquitecta técnica municipal do 09.05.2013 acórdase polo alcalde, mediante resolución do 10.12.2014, incoar expediente administrativo de investigación co obxecto de determinar o carácter demanial do camiño en cuestión.

2) O expediente desenvólvese consonte co establecido no RB, publicándose a tal efecto un anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios para os efectos de presentación de alegacións por parte dos interesados e notificándoseles particularmente aos propietarios.

3) Non se abriu período de proba aínda que sí se incorporaron ao expediente os documentos aportados polo interesado e propietarios colindantes.

#### Lexislación aplicable

- Os artigos 339 e 344 do Código Civil.
- Os artigos 4 e 68 da Lei 7/85 de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local publicada no BOE do 3 de abril e modificada pola lei 11/1999 de 21 de abril e pola lei



## CONCELLO DE REDONDELA

57/2003 de 16 de decembro de Medidas para a Modernización do Goberno Local. (LBRL)

- Os artigos 220.1 e 221 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aprobou o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF), publicado no BOE do 22 de decembro.
- O artigo 74 do Real Decreto Lexislativo 781/1986 de 18 de abril, polo que se aprobou o Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local (TRRL), publicado no BOE do 22 e 23 de abril.
- O artigo 264 da Lei 5/97 de xullo da Administración Local de Galicia (LALGA), publicada no DOG do 5 de agosto.
- O Real Decreto Real Decreto 1372/1986 de 13 de xuño polo que se aprobou o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RB), publicado no BOE nº161 de 7 de xullo.
- A Lei 33/2003 de 3 de novembro do Patrimonio das Administracións Públicas, (LPAP) publicada no BOE do 4 de novembro.

### Conclusións

1. Os informes da arquitecta técnica municipal sinalan:

- Segundo a ficha do IMB correspondente (número de orden de grupo 749 e número de orde do inventario 1169), trátase dun camiño de terra 185,0m de lonxitude e unha largura media de 3,320m que comeza na PO-250 e remata regato do Alvedosa. Feita visita de inspección ó lugar con data 10.09.2014 comprobei que se trata dun camiño de terra, sen servizos, cunhas dimensións similares ás recollidas na citada ficha do inventario. O camiño está sen limpar, contando con maleza que impide o correcto discorrer polo mesmo.
- A parcela propiedade de D. José Adán Pereira denominada “Campos da Laxes” linda segundo documento aportado con: Norte: máis de herdeiros de D. Evaristo Alfaya; -Sur: río Alvedosa; -Leste: D. Alfonso Táboas Freaza; -Oeste: D. José Adán Freaza. A parcela A parcela propiedade de D. Alfonso Táboas Freaza denominada “Campos da Lajes” linda segundo documento aportado con: -Norte: herdeiros de D. Evaristo Alfaya; -Sur e leste: río Alvedosa ; -Oeste: herdeiros de D. José Araujo Amoedo. Da descripción das dúas fincas se desprende que as parcelas non lindan con camiño algún (nin municipal nin non municipal).
- Visto o plano parcelario P-23 das Normas subsidiarias de planeamento de ámbito municipal de Redondela (en diante NN.SS), comprobei que a totalidade do camiño ven recollido (grafiado) no devandito plano. Vista a cartografía catastral do lugar a través da páxina web do catastro (Sede electrónica do Catastro), comprobei que o camiño ven recollido ou grafiado de xeito parcial. Concretamente ata chegar as parcelas propiedade dos solicitantes e non marcando camiño algún á beira ou lindando cas mesmas.

2. Tras obter a relación de propietarios colindantes co citado camiño recabouse dos mesmos a presentación dos títulos de propiedade, resultando o seguinte:

a) MARIA ELENA MÍGUEZ TOUCEDO indica que dito camiño é público dende a estrada ata o fondo da finca de Evaristo Alfaya sendo o resto un camiño de servidume para as fincas. Presenta unha escritura de aceptación e adxudicación parcial de herencia de outubro do ano 2010, da que resulta que a súa finca, identificada co nº 4 no expediente, linda polo oeste con “camiño”.

b) DOLORES CERVIÑO ALFAYA presenta unha alegación idéntica á anterior e documentación do ano 1928 na que figuran dúas fincas, identificada cos nº 1 e 2 no expediente, da que resulta que a primeira delas, Lages, linda polo oeste con “muro de cierre” e polo sur con “terreno de



## CONCELLO DE REDONDELA

*Vicente Lago y otros, mediando muro de sostenimiento*”, namentras que a denominada La Velosa linda polo oeste con “*camino de servidumbre*”.

c) ADIF sinala que a zona en cuestión fue objeto de un expediente expropiatorio incoado por el Ministerio de Fomento para la ejecución de las obras del Eje Atlántico de Alta Velocidad. Tramo: das Maceiras-Redondela. En colindancia con el mencionado camino, resultaron afectadas las fincas 270,271, 273 y 276 de la relación del mencionado expediente expropiatorio.

d) Á vista da devandita documentación, a arquitecta técnica emite novo informe o 16.04.2015 no que sinala:

➤ En relación ó alegado por dona María Elena Míguez Toucedo (27.01.2015 rexistro entrada 839 e propietaria da parcela núm. 4), por D. José Adán Pereira (27.01.2015 rexistro de entrada 840 e propietario da parcela núm. 5), por dona Dolores Cerviño Alfaya (27.01.2015 rexistro de entrada 841 e propietaria das parcelas 1 e 2) e por D. Alfonso Taboas Freaza (28.01.2015 rexistro de entrada 897 e propietario da parcela 6) , isto é que, o camiño ten un primeiro tramo público, polo que non se solicita a retirada total do camiño do IMB senón a parte se indica nos planos aportados informar; si ben é certo que nunca se solicitou a retirada total do camiño do IMB, si existen discrepancias entre o tramo concreto do camiño que se solicita a súa retirada. Así en data 03.09.2014 o Sr. Táboas e o Sr. Adán sinalaron en plano adxunto un tramo do camiño, éste non coincide co sinalado por eles mesmos o 30.09.2014 (marcado en rosa), sendo éste último, un tramo máis pequeno coincidente co tamén sinalado o 24.11.2014 (marcado en bolígrafo azul). O derradeiro tramo do camiño marcado é o sinalado nos escritos de alegacións presentados pola Sra. Míguez, Sr. Adán, Sra. Cerviño e Sr. Táboas (de datas 27 e 28 de xaneiro do 2015 referenciados ó inicio do presente informe). Ningún dos planos aportados coinciden exactamente no tramo que se solicita á retirada do Inventario polo que entende esta aparelladora municipal que o tramo que se solicita é o sinalado no derradeira solicitude.

➤ Tendo en consideración ó exposto no parágrafo anterior e vistos os documentos de propiedade aportados polos solicitantes informase que en ningún dos mesmo, as parcelas lindan con camiño público algún. ADIF (parcela núm. 3) non aporta título de propiedade da parcela, pero a parcela existente no seu fronte (parcela núm. 1), non linda polo vento sur con camiño algún.

3. De todo o que antecede, a asinante conclúe que existen evidencias suficientes que determinan a natureza xurídico privada do tramo do camiño en cuestión aos efectos de proceder á súa baixa no IMB do xeito indicado no informe da arquitecta técnica municipal.

4. Complementariamente, cómpre sinalar que é a xurisdición ordinaria a competente para dirimir este tipo de cuestións. Tal e como reiteradamente ten declarado a xurisprudencia (*Sentencias do TS, entre outras, de 23 enero 1990, 15 octubre 1997 y 1 abril 1998, entre otras*) a inclusión dun ben no IMB ten carácter meramente declarativo respecto da posesión dado que non define nin o “ius possessionis” nin o “ius possidendi” é dicir, o dereito a poseer ou o dereito de propiedade que somentes os tribunais poden recoñecer ou declarar unha vez exercitadas as accións civís correspondentes dado que o inventario é un mero rexistro administrativo que por si só nin proba nin crea nin constitúe dereito algún a favor da corporación, sendo máis ben un libro que serve, respecto dos seus bens, de recordatorio constante para que corporación exercite oportunamente as facultades que lle corresponden (sentencia do TS do 9 de xuño de 1978).

Xa que logo e á vista do que antecede teño a ben sinalar que aos efectos da resolución do expediente debe actuarse de conformidade co artigo 52 do RB polo que, previamente á mesma, debe poñerse de manifesto por término de dez días ás persoas a quen afecte e compareceran no mesmo para que poidan alegar o que crean convinte ao seu dereito. A partir de ahí e previa incorporación ao expediente dos informes que se estimen necesarios para mellor proceder e, no





## CONCELLO DE REDONDELA

seu caso, o dictame da comisión informativa correspondente, adoptarase o acordo pertinente polo pleno do Concello, notificándose a tódolos interesados aos efectos oportunos”.

Considerando que, verificado o trámite do artigo 52 do RB, non se formulou polos interesados ningunha alegación.

Teño a ben propor o pleno do Concello, previo dictame da comisión informativa, resolver o expediente tramitado dando de baixa no IMB o tramo do camiño en cuestión que coincide co plano aportado na derradeira solicitude polos solicitantes e polos motivos expostos no informe de secretaría, transcrito.”

### Votación e Ditame:

A comisión informativa de urbanismo, infraestruturas e patrimonio en votación ordinaria e por maioría dos seus membros de acordo coa porcentaxe de participación correspondente no voto ponderado, sendo 2 votos a favor do P.P., 1 en contra do BNG e 3 abstencións (1 de Ps de G-PSOE, 1 de AER e 1 de Redondela Pode (PODER) estimou oportuno ditaminar favorablemente a precedente proposta.

O Sr. González Campo quere que se faga constar o seu voto en contra porque non comparte o voto ponderado e a constitución das comisións informativas”

### INTERVENCIÓNS

A concelleira QUINTANS COSTOYA di que vanse a abster despois de examinar o expediente porque non teñen clara a proposta.

### VOTACIÓN E ACORDO

Sometido o asunto a votación, apróbbase por maioría do concello Pleno, 20 votos a favor (9 do PP e 4 de AER, 6 do PSdeG-PSOE, 1 do BNG) e 1 una abstención da concelleira non adscrita.

## **9. RECURSO DE REPOSICIÓN DE MANUELA GÓMEZ PÉREZ CONTRA RESOLUCIÓN EXPEDIENTE DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.**

### ANTECEDENTES

Ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas e Patrimonio, de data 24 de xullo de 2015 que se transcribe a continuación:

“Visto o recurso presentado por MANUELA GÓMEZ PÉREZ contra o acordo do pleno do Concello do 31.03.2015 resolvendo o expediente de responsabilidade patrimonial 15/2014 en virtude do cal Aqualia UTE, entidade concesionaria do servizo de auga e abastecemento do Concello de Redondela, debería indemnizar á mesma con con 5.678,15 € mailos intereses correspondentes.

Visto o informe emitido ao efecto pola secretaria do Concello que, transcrito, dí:

#### I. Antecedentes

a) MANUELA GÓMEZ PÉREZ solicitou unha indemnización de 12.641,25 € polos danos que sufriu ao caerse a consecuencia dunha arqueta que sobresaía por riba da rasante da beirarrua, sobre as 17,25 horas do día 20.09.2013, na avenida Mendiño nº 53.

b) O acordo agora recurrido determinou que a responsabilidade polos danos que deron lugar á reclamación correspondía a AQUALIA, entidade concesionaria do servizo de auga e abastecemento do Concello de Redondela en concurrencia de culpas do 50% coa recorrente polo que tería que indemnizala con 5.678,15 € mailos intereses que no seu caso procedan.

c) Do recurso deuse coñecemento aos interesados no expediente ao abeiro do preceptuado no artigo 112.2 da LRXAP formulándose alegacións por parte de AQUALIA.



## CONCELLO DE REDONDELA

d) Pola asinante emitíuse informe 20/2015 sobre a reclamación formulada, no que me ratifico.

### II. Lexislación aplicable

- Lei 30/1992 de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXAP)
- Artigo 161 c) do Real Decreto Lexislativo 2/2000 de 16 de xuño aprobando Texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas (TRCAP) de aplicación por mor do preceptuado na disposición transitoria primeira do Real Decreto Lexislativo 3/2011 polo que se aprobou o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLC).
- RD 429/1993, do 26 de marzo, polo que se aproba o regulamento dos procedementos das administracións públicas en materia de responsabilidade patrimonial (RRP).

### III. Consideracións xurídicas

1. O recurso reproduce cuestións xa aducidas e resoltas no expediente como a responsabilidade do Concello de Redondela a pesares de tratarse dun servizo obxecto de concesión, a inexistencia de culpa da vítima, a data de curación definitiva e ao cálculo dos intereses.

2. As alegacións da entidade concesionaria, pola súa banda sinalan tamén novamente que o accidente foi por culpa exclusiva da vítima xa que o obstáculo era perfectamente visible e se atopaba a un lado da beirarrúa, con espazo dabondo para sortealo. Tamén sinala que un mero defecto do enrasado non ten trascendencia nin lles resulta imputable

3. En canto á imputación de parte da culpa (o 50%) á propia recurrente, xa se indicaba que efectivamente, era un obstáculo visible, moi pequeno, de 0,25 cms e mui pouca altura, segundo se aprecia nas fotografías da policía local e sobre o cal non consta unha previa denuncia no Concello aos efectos de poder respostar a dita deficiencia requirindo para iso á concesionaria e existía espazo para transitar esquivándoo. Por outra banda, e en canto á xurisprudencia que se citaba no acordo sí resulta asimilable a situación da arqueta un pouco elevada oa existencia de deficiencias no embaldosado, polo que decaería dita alegación.

4. En canto á data de curación a asinante considera axeitado o recollido no acordo recurrido : en canto á contificación dos danos e á vista da documentación presentada resulta que a reclamante rematou a rehabilitación o 03.07.2014 polo que, con independencia de que recibira a alta médica o 13.08.2014, resulta lóxico establecer a citada data como a de referencia con respecto á estabilización das lesións. Polo tanto, da indemnización solicitada, haberá que restar 41 días non impeditivos a razón de 31,34 € por día, é dicir, 1.284,94 €. Así a indemnización a satisfacer por Aqualia UTE sería do 50% de 11.356,31, 5.678,15 € mailos intereses legais correspondentes dende o 27.05.2014.

5. O mesmo criterio é de aplicación á liquidación de intereses : deben aplicarse dende que se formulou a reclamación en vía administrativa, sendo a este respecto clara a xurisprudencia (vid. sentencias do Tribunal Supremo do 06.11.2012. 23.03.2011 , da Audiencia Nacional do 14.01.2015 ou do TSX de Murcia do 29.05.2002) polo que procede dita liquidación dende o 27.05.2014.

6. Así as cousas, no recurso non se aportan elementos que determinen a reconsideración neste intre do acordo recurrido xa que o mesmo se considera axustado a dereito.

7. O recurso de reposición, ao abeiro do previsto no artigo 117 da LRXAP deberá resolverse e notificarse no prazo de un mes polo mesmo órgano que ditou a resolución recurrida, é dicir, o pleno do Concello.

### IV. Conclusións

É polo que antecede que a asinante considera axustado a dereito o acordo recorrido procedendo o rexeitamento do recurso aos efectos oportunos”.



## CONCELLO DE REDONDELA

Teño a ben propor ao pleno do Concello, previo ditame da comisión informativa de Patrimonio a adopción do acordo de rexeitar o recurso de reposición formulado por MANUELA GÓMEZ PÉREZ contra o acordo adoptado polo pleno do Concello o 31.03.2015 resolvendo o expediente de reclamación patrimonial 15/2014.

### Votación e Ditame:

A comisión informativa de urbanismo, infraestructuras e patrimonio en votación ordinaria e por maioría dos seus membros de acordo coa porcentaxe de participación correspondente no voto ponderado, sendo 2 votos a favor do P.P., 1 en contra do BNG e 3 abstencións (1 de Ps de G-PSOE, 1 de AER e 1 de Redondela Pode (PODER) estimou oportuno ditaminar favorablemente a precedente proposta.

O Sr. González Campo quere que se faga constar o seu voto en contra porque non comparte o voto ponderado e a constitución das comisións informativas”

### INTERVENCIÓNS

A concelleira QUINTANS COSTOYA di que se abstén porque non lle queda claro que Aqualia vaia a facerse cargo dos custes.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que este recurso é contra un acordo do pleno do Concello de marzo. Considera que o Concello debería darlle a razón á veciña de Redondela xa que non é de recibo que Aqualia lle bote a culpa á veciña por non fixarse. Votará en contra de que este recurso non vaia adiante.

O concelleiro FIGUEROA RODRIGUEZ di que vanse abster. Consideran claro que a responsabilidade é de Aqualia que debería asumila na súa totalidade e non en concorrencia coa propia vítima.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que tamén vanse abster.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que consideran xustificada a proposta consonte co informado polos servizos xurídicos do Concello.

### VOTACIÓN E ACORDO

Sometido o asunto a votación, apróbbase por maioría do concello Pleno, 9 votos a favor (9 do PP), 1 en contra (1 do BNG) e 11 abstencións (4 de AER, 6 do PSdeG-PSOE, 1 da concelleira non adscrita.)

## **10. ACTIVIDADES DE CONTROL DO PLENO:**

### **10.1 DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDIA**

Dáse conta das resolucións de alcaldía dende o día 23 de maio ao 20 de xullo de 2015.

O pleno do Concello queda informado.

### **10.2 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA**

#### **10.2.1 SOLICITUDE DE COMPARECENCIA DO alcalde PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL AER SOBRE AS OBRAS DE AMPLIACIÓN DA AP-9**

##### ANTECEDENTES

Solicitud presentada polo grupo municipal AER no rexistro xeral o día 24/07/15 con número 201511063 que se transcribe a continuación:



## CONCELLO DE REDONDELA

Por parte de AER solicítouse a comparecencia do alcalde nos seguintes términos:

“Despois de ver na prensa o 22 de Xullo que a concesionaria Audasa anunciaba que o tramo Rande-Teis da ampliación da autoestrada ap-9 estará rematada antes do final deste ano; dende a Agrupación de Electores de Redondela solicitamos a comparecencia do alcalde ante este pleno para dar as explicar necesarias sobre:

- Situación das expropiacións dos espazos propiedade deste concello.
- Situación das expropiacións das vivendas e fincas particulares.
- Estado das afeccións da Lei de Estradas.
- Patrimonio histórico e ambiental afectado.
- Traslado do transformador da estrada do Torreiro.
- Servizos e camiños municipais afectados.”

### INTERVENCIONS

O alcalde sinala que o pleno do Concello manifestouse reiteradamente en contra desta obra e o goberno ten tratado de minimizar o seu impacto e nas xuntanzas se trataron entre outros estes temas. En canto aos aspectos concretos sobre os que se solicita a comparecencia sinala:

1. Que no ano pasado se levantaron as actas previas e a cuestión fundamental era a do colexio, sobre o que se solicitou a expropiación total a fin de acadar uns terreos novos para reubicalo. Indica que esta fase está a piques de rematar xa que a SAREB xa deu o seu visto bo para a compra da finca por parte de AUDASA que o entregará ao Concello. Dí que tamén hai dous lavadeiros e se está pendente de resolver a cuestión. Pensa que en setembro deberían estar os terreos a disposición do Concello.
2. Que tamén se levantaron as actas previas das propiedades particulares facilitando asesoramento aos afectados, pero algúns veciños foron por outra vía. Dí que esta semana promoveron unha xuntanza con Audasa, Fomento e os representantes legais dos veciños e están tratando de atopar unha solución. Indica que é certo que Audasa tardou moito en dar unha resposta.
3. Que en canto á lei de estradas hai un compromiso de que se van a manter as afeccións actuais.
4. Que en canto ao patrimonio histórico afectado, existe un informe no expediente que está a súa disposición. Refírese tamén a unha resolución de patrimonio sobre prospeccións arqueolóxicas.
5. Que en canto ao transformador manteñen o criterio dos veciños de que debe soterrarse. Indica que isto está en estudio, contando tamén con Fenosa.
6. Que en canto aos camiños e servizos públicos afectados, deberán reporse unha vez que se faga a obra.

O concelleiro VARELA COUÑAGO di que o alcalde estivo na primeira pedra e dixo que fora para xestionar e acadar acordos pero opina que ese encontro coa señora ministra non lle foi produtivo e proba diso é a paralización das obras por parte dos veciños nestes últimos días. Dí que o do colexio depende da vontade de Audasa e o Concello debe tramitar o plan especial de dotacións que aínda non está contratado. Sinala que hai familias que sofren unha situación moi delicada porque non saben onde van a ir porque aínda non lles pagaron e considera que o Concello debe por en marcha a comisión de seguimento de inmediato.

O alcalde sinala que hai un descoñecemento en canto aos tempos cos que se moven as administracións e indica que o sistema que se utilizou foi o máis áxil para que a finca prevista



## CONCELLO DE REDONDELA

pase canto antes a disposición do Concello. Dí que tivo un enfrentamento directo con Fomento e xa están previstas moitas das cousas que sinala o concelleiro de AER e que os terreos non se atopan disponibles polo que aínda non se pode contratar o plan de dotacións. Indica que a obra da ampliación é supramunicipal e todos están en contra da mesma e que hai que seguir defendendo os intereses de Redondela como fixeron ata o de agora.

### **10.3 MOCIÓNS**

#### **10.3.1 MOCIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO PSDEG-PSOE, AER, BNG E A CONCELEIRA NON ADSCRITA SOBRE O NOVO HOSPITAL DE VIGO**

##### ANTECEDENTES:

Moción dos grupos municipais do PSDEG-PSOE, AER, BNG e a concelleira non adscrita presentada no rexistro xeral o día 24/07/15 con número 201511058 que se transcribe a continuación:

“A Consellería de Sanidade adxudicou un contrato de 1.300 millóns de euros à sociedade concesionaria do NOVO HOSPITAL DE VIGO, S.A., para proxectar, construír e explotar os servizos do hospital. O proxecto público custaba 400 millóns.

O novo hospital segundo consellería tería 1.465 camas que engadidas as 422 do Meixoeiro e as 117 do Nicolás Peña farían un total de 2.004 camas.

A realidade é ben distinta, o novo hospital abre con 845 camas, no Meixoeiro redúcense a 347 e no Nicolás Peña a 68, polo que dispoñemos 1.260 camas, é dicir 744 camas menos das prometidas e anunciadas.

A cambio dun hospital novo privatizado e recortado en tamaño e servizos, pechan o Hospital Xeral, o Cíes, o Rebullón e os Centros de Especialidades de Coia e Doblada, mantendo o concerto con Povisa.

Como consecuencia teremos menos sanidade pública e máis negocio para a sanidade privada. Farán negocio con todo incluíndo un novo copago, o parking de pago para usuarios e traballadores, sen teren articulado un sistema de transporte público, en condicións de equidade, que sexa unha alternativa real ao uso do vehículo privado.

Coa privatización e recorte de camas, desaparecen e precarizan moitos postos de traballo e como consecuencia darase un peor servizo a cidadanía.

Polo exposto, solicitamos do Pleno da Corporación do Concello de Redondela, a adopción dos seguintes ACORDOS

1. Demandar da Xunta de Galiza a posta en marcha dun hospital 100% público, para o conxunto da cidadanía da área sanitaria de Vigo, con tódolos servizos, incluído o laboratorio Central e coa capacidade e recursos materiais e humanos suficientes para dar resposta as necesidades presentes e futuras da nosa área sanitaria.
2. Demandar das autoridades competentes no transporte, a adopción de medidas que permitan establecer unha rede de transporte público específico para o acceso aos hospitais da nosa área sanitaria, especialmente ao Novo Hospital. Esta rede ten que garantir un sistema público coordinado e intermodal, máis alá dos concellos onde residan as usuarias e usuarios, sexa na área metropolitana ou fora dela.
3. Apoiar, como Corporación Municipal a manifestación convocada pola Xunta de Personais do SERGAS en apoio de SOS Sanidade Pública, que se celebrará o día 3 de setembro,



## CONCELLO DE REDONDELA

data na que pechará o Hospital Xeral, ás 8 da tarde desde diante das urxencias do H. Xeral, na rúa Pizarro de Vigo.

### INTERVENCIÓNS

A concelleira QUINTANS COSTOYA di que están de acordo coa moción e salienta que a Xunta vendeu un hospital de alta calidade pero estafou á cidadanía e se fixo un gasto desmedido fora do orzamento inicial. Apostan por unha sanidade de calidade e totalmente gratuíta.

O concelleiro FIGUEROA RODRIGUEZ di que apoian incondicionalmente as iniciativas da plataforma pola sanidade pública.

A concelleira RIVAS GÓMEZ di que están totalmente de acordo coa moción e que isto se leva denunciando dende o principio xa que tanto os sindicatos e os propios traballadores sabían que isto ía a suceder. Sinala que se reduce o número de camas previstas pero Povisa segue ahí aínda que desaparecen outros hospitais e parécelle unha barbaridade que un hospital de dita magnitude careza dun laboratorio central xa que isto vai a repercutir negativamente no funcionamento do propio hospital de acordo coa opinión que teñen manifestado públicamente os profesionais.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que lle sorprende que os grupos da oposición fagan unha moción e non se dera a oportunidade ao PP de secundar a mesma. Dí que debe deixarse ao neno que comence a camiñar xa que se está a falar dun hospital de mil cincocentas camas que vai a ser considerado como o mellor hospital de Europa. Indica que sí vai a ter un laboratorio e están de acordo en que a sanidade debe ser pública e non se pode dicir que vaise privatizar o hospital xa que no Xeral nin a cafetería nin a lavandería están atendidas por persoal público e está claro que non se vai a pagar pola asistencia sanitaria. Indica que cando gobernaba na Xunta o bipartito, Povisa tiña concerto e non acabaron con él e que o hospital é unha realidade que ten que empezar a funcionar e vai a mellorar a situación sanitaria de toda a area metropolitana aínda que está de acordo en que hai que mellorar o transporte ao mesmo. Propoñen que a moción se vote por puntos.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que a plataforma convocou a todas forzas políticas. Indica que os veciños de Redondela deberán acordarse do PP cando tarden moitísimo tempo en ir en transporte público ao Hospital, e teñan que pagar por aparcar e por outros servizos. Considera que o PP está a facer un experimento tendente a privatizar a sanidade e que ten fracasado alí onde se imprantou e que os recortes matan e isto é moi importante xa que ao final o que se deteriora é a sanidade pública. Parécelle que o do transporte é fundamental xa que habería que coller dous autobuses de ida e dous de volta para ir a calquera consulta ao hospital. Non acepta que se vote por puntos xa que foi o que propuxo a plataforma e non quere cambiar nada.

A concelleira QUINTANS COSTOYA di que en canto ao laboratorio sabe por varias traballadoras que vai a ser minúsculo e todo o importante deberá enviarse ao Meixoeiro por transporte privado que tamén se privatizará.

A concelleira RIVAS GÓMEZ di que o partido socialista sí puxo en marcha a sanidade universal e gratuíta e non lle parece de recibo que o PP veña a dicir que defende a sanidade pública. Sinala que como técnica de laboratorio sabe ben que no novo hospital somentes vanse facer as analíticas de urxencia e se está a falar de once kilómetros de distancia ao Meixoeiro. Indica tamén que a construción do hospital foi privada e dende o principio se empezou mal.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que o laboratorio poderá realizar todas as probas que se precisen de forma inmediata e ten 2000 m<sup>2</sup>. Indica que os datos están aí e que están completamente de acordo en mellorar a conexión de Redondela con ese hospital.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que en canto sae unha denuncia na prensa o goberno sae tamén para dicir que xa estaban traballando no tema. Dí que os datos cantan pero que durante o bipartito había unha inversión de 400 millóns de euros, con responsabilidade pública e o PP o



## CONCELLO DE REDONDELA

primeiro que fixo foi multiplicar por tres os custes. Indica que Povisa vai a recibir 75 millóns de euros cada ano da Xunta e vaise beneficiar do deterioro da sanidade pública e estima que unha das cousas máis flagrantes é a do aparcadoiro xa que ata os traballadores van ter que pagar por ir a traballar.

### VOTACIÓN E ACORDO

Sometido o asunto a votación, apróbbase por maioría do concello Pleno, 12 votos a favor (6 do PSdeG-PSOE, 4 d AER, 1 do BNG e 1 de concelleira non adscrita) e 9 en contra (9 do PP).

A concelleira AMOEDO DASILVA explica o voto dicindo que seguen a apoiar a sanidade pública pero consideran mellorable o tema de transporte.

### **10.3.2 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL AER DAS ANPAS DE REDONDELA SOBRE O FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO**

#### ANTECEDENTES:

Moción presentada polo grupo municipal AER no rexistro xeral o día 23/07/15 con número 201510985, que é lida por unha persoa en representación das ANPAS tal como se transcribe a continuación :

“Recentemente, ven de aprobarse a Orde do 21 de maio de 2015 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (DOG núm. 101 de 1 de xuño de 2015), pola que se regula o fondo solidario de libros de texto destinado ao alumnado matriculado en 3º e 5º de educación primaria e en 2º e 4º de educación secundaria obrigatoria, en centros docentes sostidos con fondos públicos no curso escolar 2015/2016.

Consideramos que esta orde dada dende a citada Consellería non ten ningún sentido, dado que non teñen stock suficiente para poder dar cobertura a tódolos alumnos por igual. Por outra banda, os exemplares que se van repartir entre os alumnos, fomentando a desigualdade, están supeditados á renda presentada polas familias con data 2013, case 2 anos atrás, nunha situación actual onde a situación e a renda das familias non son moi estables. Non podemos esquecer que estes libros están descatalogados e non cumpren a normativa da lei vixente.

Na exposición da motivos de dita orde menciónase o art. 4 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, onde se reconece que o ensino básico é obrigatorio e gratuíto para todas as persoas.

Por todo o exposto solicitamos o pleno de Redondela o seguinte acordo:

Solicitar á Xunta de Galiza, e a quen corresponda:

1. Repoñer, nos centros públicos, os libros do fondo solidario por outros novos e adaptados ás necesidades educativas.
2. Poñer os medios necesarios para que non se xeren situacións de desigualdade entre alumnos da educación pública.
3. Volver ao sistema de cheque nos centros públicos, mentres non constitúan un fondo solidario con exemplares suficientes para garantir unha educación igualitaria.

#### INTERVENCÍONS

A concelleira QUINTANS COSTOYA di que non deberían existir este tipo de diferencias e apoian a moción.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que apostan polo ensino público, laico, gratuíto e en galego e o BNG xa ten insistido en que debe facilitarse a gratuidade de todos os libros de texto. Apoia a moción porque considera moi importante o traballo que están a facer as ANPAS. Pensa



## CONCELLO DE REDONDELA

que é a Xunta a que debería dotar aos centros da infraestrutura administrativa necesaria para xestionar isto. Non está de acordo co dos cheques porque defenden a gratuidade universal.

A concelleira REY GÓMEZ di que a política do PP baséase en caridade e deixa fora das axudas cuestións importantes porque se considera que non teñen categoría de material escolar. Indica que o partido socialista defende o préstamo universal para todos e non ampara como PP aos centros que segregan por sexo.

A concelleira PARIS BLANCO di que a moción pode dar a entender que as ANPAS non teñen comunicación co alcalde ou co goberno de Redondela e recurren aos grupos da oposición para facer chegar as súas inxedanzas. Non lle consta que trataran de porse en contacto e bota en falta na moción a firma do documento polas ANPAS. Tiveron coñecemento dunha mobilización das ANPAS pero sorpréndelle a moción cando sempre foron da man para solventar os problemas.

O concelleiro FIGUEROA RODRIGUEZ di que a moción é unha iniciativa das ANPAS e non sabe porque non llela presentaron á concelleira. Dí que a educación pública é un dereito que teñen que defender.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que defende a moción e o traballo das ANPAS aínda que considera que o apartado 3 vai en consonancia co criterio da Xunta que é repartir as axudas en función dos ingresos. Critica que os membros do equipo do goberno non saíron á porta do Concello cando foi a mobilización.

A concelleira REY GÓMEZ di que votarán a favor da moción aínda que non están a favor da gratuidade para todos. Non están de acordo coas políticas do PP que consideran retrógradas.

A concelleira PARIS BLANCO di que non comparte que os libros sexan gratis para todos. Dí que as ANPAS veñen ao Concello para moitas cousas e por iso lle extraña neste caso concreto. Refírese a unha serie de erros contidos na moción.

O concelleiro FIGUEROA RODRIGUEZ di que a dirección do colexio de Redondela avisa aos pais de que non merquen ningún libro porque aínda non se sabe cómo vai quedar a cousa.

### VOTACIÓN E ACORDO

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade do concello Pleno, 21 votos a favor (9 do PP, 6 do PSdeG-PSOE, 4 de AER, 1 do BNG e 1 da concelleira non adscrita.)

### **10.3.3 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO AER SOBRE PRAIAS PARA CANS**

#### ANTECEDENTES:

Moción do grupo municipal AER presentada no rexistro xeral o día 24/07/15 con número 201511062 que se transcribe a continuación:

“Cada día é maior a demanda de espazos na praia reservados para poder desfrutar dela cos cans. Por exemplo, no concello de Vigo, máis de 6.000 persoas asinaron unha iniciativa para demandar unha praia de cans; e no concello de Cangas vaise presentar no próximo pleno unha moción demandando a creación deste espazo.

Neste intre na provincia de Pontevedra só contamos cunha praia para cans, sita no Grove. Estes espazos son necesarios para a socialización canina e para garantir o benestar destas mascotas. Contar con este tipo de espazo podería a maiores supoñer un beneficio para o concello, xa que atraería un tipo de turismo cada día máis en auge: o turismo con mascotas; podendo aumentar o fluxo de visitantes ao noso concello provenientes dos concellos próximos, dada a carencia deste tipo de espazos.





## CONCELLO DE REDONDELA

Este tipo de espazos non debería causar ningún tipo de problema, sempre e cando os propietarios de mascotas teñan coidado e respecten as normas (recollida de excrementos, cans de razas "perigosas" con buceira agás no momento do baño...). Cada un debe saber como é o seu can e actuar en consecuencia para non molestar aos demais usuarios do espazo.

Dende AER queremos propor ao Concello dúas zonas: unha en Cesantes e outra en Chapela. En Cesantes propoñemos o tramo de praia comprendido entre o final do "novo" paseo ata a baixada dos "estaleiros". En Chapela, propoñemos a pequena cala situada entre os dous pantaláns do paseo de Cardona. Esta zona propuxéronnola usuarios da mesma e propietarios de mascotas.

Por todo o anteriormente exposto propoñemos o seguinte acordo:

Instar ao goberno local a iniciar os tramites necesarios para declarar estes dous espazos como praias para cans."

### INTERVENCIÓNS

A concelleira QUINTANS COSTOYA di que están de acordo en que se faga unha normativa específica e se controle o tema para que non haxa problemas cos excrementos, cans de razas perigosas..etc.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que propón que se habiliten espazos para mascotas nalgunhas zonas do Concello que é unha proposta algo máis ambiciosa.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que están a favor da proposta xa que pensa que hai un número importante de cans en Redondela. A pesares diso vanse a abster porque sería mellor prantexalo no consello parroquial porque ao mellor o lugar non é o axeitado. Propón que se deixe sobre a mesa para tratalo máis a fondo xa que considera que non hai tempo para realizar toda a sinalética precisa para isto e habería que darlle unha volta á cuestión. Tamén consideran necesario habilitar dous parques caninos en Chapela haberá e en Redondela. Neste último caso propón o espazo que se atopa entre a feira do gando e o río Pexegueiro.

O concelleiro ALVAREZ BALLESTEROS di que non hai ningún pacto pero parecúlles unha boa idea. Dí que nas praias o problema non é dos cans senón das persoas e considera doado matizar a cuestión xa que o tramo de Cesantes é axeitado, pero en Chapela non é unha praia senón unha cala polo que propón a praia próxima a Frioya. Están a favor de iniciar os trámites.

O concelleiro CRESPO ABAL di que a zona do asteleiro a propuxeron porque non a utiliza moita xente e accesible para os vehículos. Indica que no caso de Chapela somentes pode utilizarse con marea baixa pero é mellor que nada. Tamén dí que o dos espazos caninos tamén parécelles ben.

A concelleira QUINTANS COSTOYA di que vai votar a favor.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que tamén a apoia.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que polo que dixo o representante do PP parece que habería que darlle unha volta.

O concelleiro ALVAREZ BALLESTEROS di que a apoian pero deben de realizar unha xuntanza axiña para establecer o código de comportamento e ver tamén o que opinan as mariscadoras...etc. Pensa que debe facerse con sentido común.

O concelleiro CRESPO ABAL di que ás mariscadoras non lles debe afectar. Admite que ás veces hai que tomar decisións que non van a gustar a todo o mundo pero prefíre que a moción quede tal cal está coa proposta dos dous espazos concretos xa que lle deron voltas e chegaron a conclusión de que son os máis doados.

### VOTACIÓN E ACORDO



## CONCELLO DE REDONDELA

Sometido o asunto a votación, apróbbase por maioría do concello Pleno, 15 votos a favor (9 do PP, 4 de AER, 1 do BNG. e 1 da concelleira non adscrita) e 6 abstencións ( 6 do PSdeG-PSOE)

### **10.3.4 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A GRATUIDADE DA PEAXE RANDE-VIGO**

#### ANTECEDENTES:

Moción do grupo municipal do BNG presentada no rexistro xeral o día 24/07/15 con número 201511056 que se transcribe a continuación:

“Dende hai máis de vinte anos a Autoestrada AP-9, comunica os principais núcleos de poboación da faixa atlántica de Galiza. Trátase dunha autoestrada de competencia estatal e de peaxe.

O tramo Rande-Vigo, supón un dos custes máis elevados de toda a Autoestrada, cos negativos efectos que sobre a economía de familias e empresas da bisbarra de Redondela, sempre supuxo. Nun tramo duns 5 km, abónanse as peaxes máis altas de Galiza. Esta situación agrabouse nos últimos anos, por mor do impacto da crise económica.

A gratuidade da Peaxe de Rande, foi unha demanda tradicional do conxunto da veciñanza de Redondela. Compete pois ao Concello, abandeirar as demandas da cidadanía, nomeadamente neste caso da Peaxe.

Distintos foron os gobernos do Estado, que prometeron que rematarían con esta discriminación. Mais, en pleno ano 2015, todo son palabras. Nada de feitos.

Todo o contrario, a cesión a empresas privadas, mantiveron a Peaxe. Na actualidade, AUDASA, como concesionaria da Autoestrada, ingresa elevados beneficios anuais, só por este treito Rande-Vigo.

O recente inicio das obras de ampliación da Ponte de Rande, e da autoestrada nas parroquias de Trasmañó e Chapela, evidencian, unha vez máis, a necesidade de acadar o obxectivo da Gratuidade. Trataríase de eliminar de vez esta discriminación que está a sufrir a veciñanza do noso concello.

Xa iniciadas as obras de ampliación da AP-9, en Trasmañó, e Chapela, comprobamos como no sentido Rande-Vigo, estableceuse un límite de 80qm/h. Isto supón, que as supostas ventaxes de “gozar” dunha Autoestrada, para reducir o tempo de chegada á cidade viguesa, esbáense.

Como xa se tén demostrado, a mobilización social, de organizacións e colectivos, xunto á iniciativa das diferentes administracións implicadas, son as ferramentas axeitadas para presionar ao goberno do Estado e AUDASA, para eliminar a Peaxe de Rande.

Por todo isto exposto, propoñemos ante o Pleno da Corporación do Concello de Redondela, a adopción do seguinte ACORDO:

Que o alcalde-presidente do Concello de Redondela se dirixa ao Ministerio de Fomento para acadar a Gratuidade da Peaxe de Rande-Vigo.”

#### INTERVENCIONS

A concelleira QUINTANS COSTOYA di que están de acordo coa moción porque consideran que os cidadáns de Redondela teñen o mesmo dereito que os do Morrazo á gratuidade.

O concelleiro FIGUEROA RODRIGUEZ di que tamén están de acordo coa moción pero piden que en ningún caso se artelle como unha subvención a Audasa.



## CONCELLO DE REDONDELA

O concelleiro ALVAREZ CASTRO di que están de acordo e consideran que é unha demanda social, que os beneficios serían moitos e suporían unha pequena compensación polas molestias que a autoestrada ven causando aos veciños de Chapela durante tantos anos, diminuindo o tráfico pola avenida de Vigo.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que non están de acordo en seguir sendo os máis perxudicados pola peaxe e supón reiterar algo que levan anos reclamando para que Redondela non se vea agravada con respecto a outros municipios a pesares de que está a soportar moitas infraestruturas. Sinala que no seu intre se debeu realizar unha mobilización maior e que habería que ver qué o que se quere exactamente porque no caso do Morrazo a que está a pagar é a Xunta por mor de que hai unha concesionaria e se non se cumpre o contrato habería que indemnizala.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que entende a proposta de AER pero considera importante que a moción se aprrobe así porque o fundamental é a presión social e é un traballo que toca a todos porque Redondela quedou fora do acordo que se acadou co Morrazo. Indica que os deputados populares e socialistas non cuestionaron no seu intre a peaxe. Estima que o fundamental é facer un posicionamento para que desapareza a peaxe e non lle parece procedente a proposta de AER porque considera que isto sería unha segunda fase.

O concelleiro FIGUEROA RODRIGUEZ di que non están de acordo cunha peaxe subvencionada financiada cos cartos de todos. Anuncia a súa abstención.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que se todos están de acordo non ten sentido pedir contas ao PP cando o BNG estaba gobernando co PSOE en Redondela. Anuncia o voto a favor.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que ao alcalde de Redondela vai a pasar á historia como aquel ao que lle ampliou a ponte de Rande un goberno do seu propio partido.

### VOTACIÓN E ACORDO

Sometido o asunto a votación, apróbbase por maioría do concello Pleno, 17 votos a favor (9 do PP, 6 do PSdeG-PSOE, 1 do BNG. e 1 de concelleira non adscrita.) e 4 abstencións ( 4 de AER)

### **10.3.5 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE SOBRE REQUERIMENTO DO VALEDOR DO POBO.**

#### ANTECEDENTES

Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE presentada no rexistro xeral o día 24/07/2015 con número 201511065 que se transcribe a continuación:

“O 11 de xuño de 2015, o Valedor do Pobo remitía ao Sr. alcalde do Concello de Redondela unha carta onde pedía entre outras cousas que se lle contestase a unha persoa solicitante da RISGA, declarando que a corporación municipal "neste caso sobrepasouse amplamente" xa que a familia solicitou a axuda en decembro de 2014 no municipio e ata o 18 de maio de 2015 non chegou á Xunta de Galicia.

En dita carta o Valedor do Pobo, José Xullo Fernández, instou ao Concello de Redondela a que non incorra en "demoras inxustificadas" nos trámites da RISGA xa que é responsabilidade do Concello entregar os datos necesarios "no prazo legalmente previsto" -dun mes- e, por iso, recomenda aos responsables municipais que nas solicitudes da RISGA achegue a documentación sen demoras. Tamén, fai fincapé en que estas solicitudes son "prioritarias pola súa natureza, posto que pretenden atender con urxencia situacións de necesidade que afectan a persoas en situación de exclusión ou en risco de padecela" e, polo tanto, os atrasos "prexudican aos afectados" e “non admiten demoras”.

O Concello de Redondela non respostou a primeira carta do Valedor do Pobo, por este mesmo motivo, o mesmo organismo que vela polos dereitos e supervisa a actividade da administración



## CONCELLO DE REDONDELA

pública, volve a solicitar ao Sr. alcalde dita información demandada con anterioridade na data do 14 de xullo de 2015.

Por outra banda, a agrupación municipal socialista pediu ao goberno municipal do Partido Popular, o 19 de xuño de 2015, que celebrase unha xuntanza co equipo de Servizos Sociais, os representantes dos funcionarios e todos os partidos con representación no Concello de Redondela. Pasou máis dun mes dende a xestión da petición por rexistro e a día de hoxe o goberno do Partido Popular non convocou a xuntanza.

Por todo o exposto, solicítase ao pleno da corporación municipal o seguinte ACORDO :

1. Que se lle conteste ás dúas cartas do Valedor do Pobo remitidas ao Sr. alcalde, nun prazo máximo de 3 días trala aprobación en pleno, no que se esclarez a motivo de obstrución da solicitude da RISGA á persoa solicitante do mesmo.
2. Que o Sr. alcalde conteste ás demandas de calquera organismo público no máximo de 7 días.
3. Que se convoque a reunión pedida por rexistro, o 19 de xuño de 2015 polo PSdeG Redondela, con todo o equipo de Servizos Sociais de Redondela, os representantes dos funcionarios máis todos os partidos con representación no Concello de Redondela no máximo de 5 días trala aprobación en pleno.”

### INTERVENCIONS

A concelleira QUINTANS COSTOYA di que están a favor, especialmente en canto ao punto 2 e deben dotarse os servizos de recursos para solucionar estes problemas.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que prantéxase unha cuestión sobre algo ao que alguén ten dereito. Pide que se xustifique máis a petición da xuntanza. Considera que no mandato anterior houbo un grave problema nos servizos sociais que repercutiu no deterioro do servizo e non ve con optimismo o cambio na responsable política da área.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que o primeiro escrito non foi contestado pero o segundo sí e no mesmo se indican as medidas que se están a tomar para resolver a situación. Indica que os expedientes os tramitan os servizos sociais, non os políticos. Dí que non se puido facer a xuntanza solicitada xa que o primeiro paso era tomar contacto coa situación. Indica que se aumentaron dúas traballadoras sociais e unha auxiliar a través da Deputación e se baixou moito a lista de espera e pide un tempo de confianza. Dí que ás veces non é posible contestar en 7 días cando hai un requirimento por parte dunha administración. Non considera doado unha xuntanza con todo o servizo.

A concelleira RIVAS GÓMEZ di que o PP leva gobernando catro anos e a espera para a primeira cita chegou a ser de catro meses e máis de sete meses de demora nos expedientes do RISGA. Considera que non se pode botar as culpas aos funcionarios e que as persoas que van aos servizos sociais teñen dereitos, non piden limosnas.

A concelleira QUINTANS COSTOYA di que sabe de esperas de tres meses en casos urxentes para ter unha entrevista coa traballadora social.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que a concelleira sabe perfectamente de qué se está a falar e que o persoal se incrementou pero só nos últimos tempos. Apoia a moción.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que admitiu que o atraso non foi xustificable e o que se está a facer é cambios para mellorar o servizo e necesitan algo de tempo para que se note. Tratan de facer as cousas o mellor posible cos medios que hai e repite que se reduciu moito a espera e están pendentes destes temas.

A concelleira RIVAS GÓMEZ di que consideran que a xuntanza debía celebrarse coa coordinadora e os representantes sindicais.



## CONCELLO DE REDONDELA

O alcalde sinala que punto 1 que solicitan xa se cumpriu. En canto ao punto 2, a secretaria informa que considera que non é xuridicamente viable que o pleno do Concello impoña prazos ao alcalde para o exercicio de actuacións que son da súa competencia. Por este motivo o alcalde propón que no lugar de 7 días se poña “a maior brevidade posible”. En canto ao punto 3 se celebrará unha xuntanza da comisión informativa para tratar a cuestión coa asistencia da coordinadora do servizo.

### VOTACIÓN E ACORDO

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade do concello Pleno, 21 votos a favor (9 do PP, 6 do PSdeG-PSOE, 4 de AER, 1 do BNG e 1 da concelleira non adscrita), coas modificacións introducidas no curso do debate e resumidas na proposta do alcalde.

### **10.4 ROGOS E PREGUNTAS**

#### 10.4.1 PREGUNTAS AO PLENO PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL AER

Preguntas presentadas polo grupo municipal AER o día 29/07/2015 con número de rexistro de entrada 201511207 e que a continuación se transcriben:

##### 10.4.1.1 PREGUNTA SOBRE ESTRADA TEIXEIRA

“Sobre o cumprimento da moción presentada polo Consello Parroquial do Viso para a mellora da seguridade viaria da estrada da Teixeira. No pleno do pasado 27 de novembro de 2014, o Consello Parroquial do Viso propuxo ao Pleno do Concello de Redondela unha moción “para a mellora da seguridade viaria da Estrada da Teixeira”. Esta moción propuña os seguintes acordos:

Demandar de todos os grupos políticos que poñan en marcha as xestións pertinentes para solicitar unha partida nos vindeiros Orzamentos da Deputación de Pontevedra para a mellora integral da Estrada da Teixeira (PO-2901) e da contorna do colexio de Cesantes, en concreto nos seguintes aspectos:

- Construción de beirarrúas na estrada provincial PO-2901 naqueles tramos nos que non exista, completando as beirarrúas xa existentes e establecendo un continuo seguro para o tránsito de peóns.
- De ser posible e recomendable tecnicamente, instalación de pasos de peóns elevados no entorno do centro cultural de Tuimil e na zona do Alto de Saramagoso, coa finalidade de reducir a velocidade de tránsito dos automóviles.
- Instalación de paso de peóns elevado e sinalización vertical na zona de acceso ó colexio de Cesantes dende a susodita estrada PO-2901.
- Mellora da zona de aparcadoiro para os pais e nais que veñen traer e recoller ós seus fillos e máis para os autobuses escolares, xa sexa coa recuperación de terre-os expropiados no seu día para a construción da estrada e/ou acondicionando as fincas colindantes co colexio.

Demandar do goberno municipal, que axilice as xestións pertinentes para que a Deputación de Pontevedra inicie canto antes as actuacións propostas para a mellora da seguridade viaria da estrada provincial PO-2901, e que o propio goberno local adopte as decisións oportunas no que respecta ás súas responsabilidades neste senso.

Sometida a votación a moción presentada polo Consello Parroquial do Viso, o pleno do Concello, por unanimidade aprobou a moción e levar a cabo as demandas dos veciños.”



## CONCELLO DE REDONDELA

En virtude do anteriormente exposto preguntamos: Cal é o estado das xestións destas demandas dos veciños para solicitar unha partida nos vindeiros Orzamentos da Deputación de Pontevedra para a mellora integral da Estrada da Teixeira (PO-2901) e da contorna do colexio de Cesantes; e máis das decisións que se lle instaba ao goberno local tomar no que respecta ás súas responsabilidades neste senso?”

RESPOSTA: A concelleira AMOEDO DASILVA di que están de acordo en que debe mellorar dita estrada e de feito fíxose algunha actuación no entorno do colexio e algunha máis. Tratarán de impulsar os acordos que xa tiñan acadados co anterior Presidente da Deputación.

### 10.4.1.2. PREGUNTA SOBRE SOBRE O CAMIÑO DE GABIÁN

“Sobre camiño do Gabián en Chapela. Despois da visita de Javier Bas aos veciños do Camiño do Gabián e da Subida ao Pé do pandeiro en Chapela antes das eleccións, prometéndolles que se volvía saír reelixido arranxaría as súas demandas (asfaltado, alumeado, vertidos, eliminación de fochancas e colocación de arquetas); e despois de non recibir contestación ás nosas peticións por rexistro, preguntamos:

Que xestións está a facer para cumprir a súa promesa electoral?

RESPOSTA: O concelleiro ALVAREZ BALLESTEROS di que foi él mesmo o que foi ao camiño porque había unha serie de demandas. Están a mirar o tema.”

### 10.4.2 ROGOS AO PLENO PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL AER

#### ANTECEDENTES

Rogos presentados polo grupo municipal AER o día 29/07/2015 con número de rexistro de entrada 201511207:

#### 10.4.2.1 SOBRE SEGURIDADE VIARIA EN CHAPELA

“Tendo coñecemento por parte de veciños de Chapela dos excesos circulatorios que reiteradamente se cometen na Avenida de Vigo, nun tramo tan transitado como o que vai dende a Praza de abastos ata a baixada a Arealonga. Tendo constancia igualmente de que ditas queixas lles foron transmitidas ao goberno municipal sen ter sido atendidas. E sendo algún membros desta agrupación testemuñas directas deses excesos, temos que rogarlle ao goberno local que tome as medidas oportunas ao respecto. Ben de carácter transitorio, mediante vixilancia; e/ou de carácter permanente, coa instalación de resaltes ou badéns, que limiten ese tipo de condutas perigosas para as persoas e para outros condutores; antes de que teñamos que lamentar un incidente irreparable.”

O alcalde sinala que esa estrada é autonómica e queren que se faga un proxecto de posta en valor dende o alto da Encarnación ata os catro pontes. Se está comprobando o estado das infraestruturas para facer unha actuación integral.

#### 10.4.2.2 SOBRE O SERVIZO DE EMERXENCIAS



## CONCELLO DE REDONDELA

“Despois dos sucesos da pasada semana onde quedou en evidencia que as emerxencias en Redondela poden ser xestionadas mellor, e que os recursos son insuficientes para os niveis de seguridade que merecen os cidadáns. Sabendo da intención dalgúns gobernos de deputacións galegas de xestionar de xeito público esta área e solucionar o problema que temos en Galiza coa organización e privatización destes servizos de emerxencias, nos que prima facer negocio e non a seguridade nin o medio-ambiente; rogamos ao goberno local de Redondela que demande ás administracións competentes o estudo e creación dun servizo de emerxencias público axeitado para o noso concello de 30.000 habitantes, co que esteamos cubertos as 24 horas do día os 365 días do ano.”

O alcalde sinala que hai que estar a ver que pasa co area metropolitana e coa Deputación a fin de tratar de chegar a unha solución.

E non habendo mais asuntos a tratar, o alcalde levanta a sesión sendo as vinte e tres horas e corenta e cinco minutos do indicado no encabezamento, da que se redacta a presente acta e da que, como secretaria, dou fe.-